

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA
28 DE ABRIL DE 2014. NÚM. 4/2014.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....páx. 3

2.- Resolucíons da Alcaldía: dación de conta.....páx. 3

3.- Expediente de crédito extraordinario N° 4-P/2014.....páx. 6

4.- Expediente de crédito extraordinario N° 5-P/2014.....páx. 8

5.- Recoñecemento extraxudicial de créditos N° 7/2014páx. 10

6.- Expediente de concesión de honras e distincións.....páx. 11

=====

Sendo as dez horas do **día 28 de abril de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 4-P/2014.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 15 de abril de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de abril de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez***, explicou o contido do mesmo. Sinalou que recollía unha serie de obras previstas na mellora do local social da parroquia de Cercio para poder realizaren outras actividades.

Polo grupo socialista ***D. Manuel María González Aller*** explicou que se quedou na sesión da comisión informativa en entregar a memoria das obras antes do Pleno á oposición, e non se fixo. Non obstante apoiarían a proposta.

Desde o BNG, ***D. Xesús Cordeiro Budiño*** tamén participaba da idea de que se debeu consensuar e coñecer previamente o que se ía facer; a pesar de que era unha falta de respecto, tamén apoiarían a proposta.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** adiantou que apoiaría a proposta. Indicou que el tamén tiña un rogo para que se atendesen as necesidades deste centro e proceder ao arranxo do mesmo.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe vinte e un (21) votos a favor, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 4-P/2014, a financiar mediante Remanente Líquido da Tesourería para Gastos Xerais procedente do peche do exercicio 2013, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a achega municipal necesaria para a realización das obras de “CREACIÓN DE SALA DE ACTIVIDADES MUSICAIS E MULTIMEDIA NO CENTRO SOCIAL DE CERCIO”, estando concedida a esta finalidade unha axuda económica pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por importe de 50.000 € con cargo ao exercicio en curso, rematando o prazo de execución e xustificación o 30 de setembro de 2014, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario financiado mediante a Remanente Líquido da Tesourería para gastos xerais procedente da Liquidación do exercicio 2013, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
334.632.12	Promoción cultural. Obra creación de Sala de Actividades Musicais no Centro Social de Cercio	29.976,67
	TOTAL ALTAS CREDITO EXTRAORDINARIO	29.976,67 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2013, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente

aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 5-P/2014.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 23 de abril de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de abril de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do mesmo, destacando que cumpría, como pasou noutros casos, abonar o dito importe e pagar o antes posible.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** criticou a actuación cambiante do goberno municipal, porque era un mal feito e un precedente negativo na súa actuación. As facturas amosaban que o funcionamento do Concello non foi o correcto, xa que participou un funcionario en excedencia na execución dunhas obras que tiña que examinar e controlalas. O resultado foi este. Coidaba que non foi correcta a actuación municipal, e por isto porque o comportamento municipal foi moi estraño, e en segundo lugar porque se pagaban intereses, non podían apoiar a proposta.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** amosouse disposto a cumprir a sentenza pero discrepaba dos feitos. O Concello aceptou irregularidades na actuación do funcionario municipal que debía supervisar as obras. O Concello debeu actuar doutro xeito.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** destacou que había que cumprir a sentenza, pero habendo anomalías, opoñeríase, e votaría non.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** reiterou que non se abonou a certificación porque veu tarde, mal e había dúbidas sobre a mesma.

D. Xesús Cordeiro Budiño ratificouse no xa dito.

No uso da palabra, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a certificación veu moi tarde, e fora dos prazos establecidos. Non veu en tempo e forma. Logo a Intervención tiña dúbidas sobre os endosos e non estaba claro o tema. Non estaba correcto o expediente e non estaba ben. Por iso non se pagou, e rexeitouse, para que o interesado presentase un recurso contencioso-administrativo.

Doutra banda e sobre o tema dos intereses, indicou que o Concello tamén levaba tempo, máis de dez anos sen pagar esa cantidade e disfrutou das instalacións.

Volveu insistir en que a certificación non viñera en tempo e que o funcionario afectado non era o director das ditas obras.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que se actuou como procedía. *¿Que diría a oposición se se pagase daquela a certificación á empresa do dito funcionario?*, preguntouse.

O Concello non pagou a mesma porque non veu en tempo e forma. Obrigamos ao interesado a acudir a un contencioso para pagar. O funcionario en cuestión podía actuar como o fixo, porque xa estaba en excedencia.

Tamén **D. Manuel María González Aller** volveu criticar a actuación municipal, porque non estaba clara, e o funcionario que debía supervisar a obra, e controlala, non o fixo. Non estaban de acordo.

Se o criterio para non pagar e ir a un contencioso foi que a certificación non se presentou en tempo e forma, *¿por qué no caso de Unión Fenosa non se actúa do mesmo xeito e se rexeitan as facturas sen pagalas para que vaia ao contencioso?*, preguntou.

Outra vez **D. Xesús Cordeiro Budiño** reiterou que rexeitaría a proposta.

Finalmente **D. Camilo Conde López** ratificouse no xa dito de votar non.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: sete (7) sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 5-P/2014, a financiar mediante Remanente Líquido da Tesourería para Gastos Xerais procedente do peche do exercicio 2013, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito trátase para cumprir coa sentenza 47/2014 notificada como firme o día 23 de abril de 2014, do procedemento ordinario 114/2012 entre o Concello de Lalín e Ageco Construccións e Reformas SL, na que se estima parcialmente o recurso de Ageco Construccións e Reformas condenando ó Concello ó pago de 93.307,43 € correspondentes ó importe da certificación impagada máis o interese legal dos cartos incrementado en 1,5 puntos. A urxencia deste expediente ven derivada da obriga de levar a cabo os trámites precisos no prazo de dez días para a execución da sentenza, neste caso modificar o orzamento 2014 para crear as aplicacións orzamentarias dotadas con crédito suficiente co fin de abonar o importe ó que condenaron ó Concello, e por outra banda reducir a cantidade de intereses a pagar polo concello, será o beneficio a repercutir nos lalinenses, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a Remanente Líquido da Tesourería para gastos xerais procedente da Liquidación do exercicio 2013, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
334.622.29	Promoción Cultural	93.307,43 €
	Ampliación e mellora do auditorio municipal	
011.352.01	Débeda Pública	32.314,42 €
	Interés Certificación auditorio por ST 47/2014	

TOTAL ALTAS CRED. EXTRAORDINARIO 125.621,85 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Finánciense con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2013, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 7/2014.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda de data 23 de abril de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 24 de abril de 2014.

Desde o grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez** explicou o contido do expediente. Todo debíase á continua e reiterada actuación da empresa subministradora de electricidade, Unión Fenosa, que non presentaba as facturas en tempo e forma. Había que reclamálas, e despois de varias peticións, presentounas.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller**, destacou diante de todo que con todos estes expedientes eles non estaban de acordo. A pesar delo, había que felicitar á Interventora municipal porque para facer os cálculos sobre a regra e o límite de gasto resultaba laborioso e complicado, á vista de que lle faltaban estes datos das facturas. Absteríanse.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, insistiu en que se reclamaron e tamén neste caso, por escrito as facturas, sendo mesmo algo pesados. A pesares de todo a empresa seguía sen entregalas en tempo e forma, e este era o motivo: que o funcionamento de Unión Fenosa tras a absorción pola empresa Gas Natural empeorou substancialmente. Isto era un exemplo máis.

De novo **D. Manuel M^a González Aller**, volveu dicir que non entendía por que unhas viñan en tempo e forma, e outras non.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que algunhas facturas do ano 2012 viñeron defectuosas e cambiáronse.

De seguido a *Sr^a. Interventora* deu as explicacións correspondentes, corroborando o

dito polo edil delegado.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** insistiu en que estas facturas presentadas tardiamente lles enchían de inquietude, porque parecía o “conto de nunca acabar” ao igual que sucedeu co Lalín Arena. Absteríanse.

Rematou **D. Manuel Gómez Estévez** afirmando que esperaban que este fose o último expediente.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: sete (7) sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dúas (2) dos concelleiros do BNG e unha (1) do concelleiro do PGD.

Xa que logo **APROBOUSE a proposta e o expediente do seguinte tenor:**

A fin de poder atender gastos realizados durante os exercicios 2012 e 2013, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU** o recoñecemento extraxudicial de créditos e aprobación do gasto, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, segundo a relación individualizada das facturas que se detallan no ANEXO I, por importe de 58.797,78 euros, que se une a este expediente, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2014. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria.

Trátase de facturas correspondentes a gastos realizados durante o anos 2012 e 2013 que non foi posible aprobar con cargo ao correspondente exercicio, por non ter sido presentadas no seu momento para a súa imputación ó presuposto dos exercicios correspondentes, por importe de **58.797,78 euros**.

6- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE HONRAS E DISTINCIÓNS.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 21 de abril de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 24 de abril de 2014.

Tomou a palabra en primeiro lugar **D. Xosé Crespo Iglesias**, Alcalde-Presidente que explicou que o Concello de Lalín era unha administración agradecida. Había xente que desempeñaba o seu cargo, cumprindo coas súas obrigas e cobrando por elo. Se ademais había persoas que ían máis alá, como era o caso que nos ocupaba, entendía que en base ao principio “é de ben nados o ser agradecidos”, o expediente estaba máis que xustificado. Indicou que en vinte e catro anos só se declararon dous fillos adoptivos en Lalín: o periodista galego *Fernando Ónega* e agora este. O custo para o Concello era mínimo: a entrega nun acto oficial dun pergamino.

Pola contra, había que seguir a parafernalia do regulamento vixente. Estaba de acordo en que había que velo e mesmo melloralo ou cambialo. Ás veces era inxusto ou case delito para algún

grupo político que isto se fixera, pero “era de ben nacidos, seren agradecidos”. Había un regulamento que esixía que se acreditasen uns méritos. Esta persoa formou parte do equipo de *D. Xosé Cuiña*, como colaborador e así consta no expediente, sendo Director de Augas de Galicia, e coñecía de sobra Lalín. Algún grupo pelexou contra el. Había que reflexionar. Estivo sempre na execución das obras que, coma todas, resultaron moi delicadas na súa execución, xurdindo moitos problemas e conflitos, sobre todo na primeira e na segunda fase do paseo do río Pontiñas.

Agora había problemas no paseo do Pontiñas e había que indemnizar aos donos polas fincas expropiadas. A relación da persoa proposta comigo foi sempre moi estreita e desde hai tempo. “*Coñeceino na propia obra*”, afirmou. *D. Agustín Hernández* sempre estivo ao pé do cañón, día si e día non.

Con *D. Xosé Cuiña Crespo* foi máis ben un técnico que un político. Cando marchou da Xunta de Galicia, as actuacións xa estaban en marcha. Así adjudicouse a Ronda Leste. O Concello deulle á Xunta de Galicia os terreos expropiados. Os edís *D. Camilo González Bodaño* e *D. Román Rodríguez González* coñecían ben o traballo que houbo que facer para conseguir estes terreos con convenios urbanísticos cos donos das fincas.

Deixou lista a licitación, e deixou o P.P a Xunta de Galicia, deixándoa lista para adjudicar.

Con esta vía evitáronse atascos de tráfico na Fonte dos Cabalos e no centro urbano de Lalín. A Ronda Leste deu solución ao tráfico entre Lugo e Ourense e Pontevedra.

Sinalou que a persoa proposta tamén participou na reconstrución da ponte na circunvalación, cando se derrubou. Houbo unha resposta inmediata.

En fin sobre a estrada Vigo-Pontevedra-Lugo, pasando por Lalín, salientou que meteu esta futura obra no chamado Plan MOVE, plan que logo resultou ser un plan caduco e trasnoitado porque xurdiron problemas. Agora, cando o Ministerio de Fomento lle pediu obras para incluír nos plans e programas futuros do Ministerio de Fomento, *D. Agustín Hernández* introduciu como prioritaria esta obra, fronte a outras.

Isto terá grande transcendencia, para cando teña cartos o ministerio, tomando vez, como se fan con outras obras. Cando esta obra se constrúa no futuro, Lalín será o Concello de Galicia mellor comunicado; hoxe xa conta con autovía, pero asumirá tamén parte do tráfico a AP-9 e das AP-52 e AP-53.

En suma a honra de fillo adoptivo daráselle polos seus méritos en conxunto, méritos máis que xustificados. “*El é de Madrid e non ten pobo en Galicia de referencia: ogallá Lalín tivese dez ou vinte fillos adoptivos*”, afirmou.

Así, no conxunto ten méritos e bagaxe suficiente, desde o seu inicio estando con *Xosé Cuiña* desde o principio ao pe das obras ata hoxe. Merece ser fillo adoptivo de Lalín.

“*Se alguén axuda a Lalín máis alá do que lle corresponda, eu sempre serei agradecido*”, anticipou.

Polo PSdeG-PSOE, ***D. Manuel Mª González Aller***, expuxo que as verbas do Sr. Alcalde lle parecían unha exposición das necesidades de Lalín.

O seu grupo municipal non vía eses méritos dos que falaba o Sr. Alcalde. Había un custo sentimental neste tema que se asumía, polo que se dicía sobre a persoa afectada.

Coidaba que esta clase de expedientes debían estar consensuados previamente, algo que non se fixo neste caso. Lembrou que o seu grupo tiña para debater nesta sesión unha reforma do regulamento de honras e distincións.

Escoitando os méritos aducidos polo máximo mandatario, parecíanlles que o título que debía outorgarse era o de “fillo interesado”, polas circunstancias que se xuntaban neste caso.

Coidaba que para outorgar este título de fillo adoptivo debían darse unhas condicións diferentes, que non pasasen de seren unha relación meramente persoal do Sr. Alcalde co interesado. Sostivo que se se preguntase a cen veciños de Lalín quen era *A. Hernández*, oitenta non sabían quen era, e un dez por cento opoñeríase a este recoñecemento. Doutra banda pediu ao máximo mandatario coidado coas verbas, agora que estaban de actualidade nos medios de comunicacións as actuacións políticas.

Indicou que tanto no tema do paseo do río Pontiñas coma no da autoestrada AP-53, *D. Agustín Hernández* non saía, mesmo non atoparon ningunha foto do mesmo na prensa. Lembrou que na primeira obra, traballaron centos de persoas e ao mellor tamén algunhas merecían un recoñecemento.

Sobre a Ronda Leste de Lalín foi a conselleira socialista *D^a. María José Caride* quen adxudicou a obra, gobernando o goberno bipartito na Xunta de Galicia.

Tanto o grupo socialista coma o nacionalista tiñan pendentes as obras do Centro de Día, da sede da Consellería do Medio Rural e do Mar, e polo visto desde o goberno municipal non se conseguía nada.

Sobre a autovía Vigo-Lalín-Lugo, que ven de Pontevedra, non había nen sequera proxecto. Todo o dito desta obra parecía unha entelequia, porque tardaría moitos anos en construírse, se é que se facía.

Pediou que se tan unido estaba a Lalín *D. Agustín Hernández* que se empadroe en Lalín, porque había que meter xente en Lalín.

En resumo, e rematando, o seu grupo municipal coidaba que *D. Agustín Hernández* non tiña os méritos para ser nomeado “fillo adoptivo de Lalín”.

Sendo as 11:05 horas o Sr. Presidente suspende a sesión por indisposición do voceiro do BNG D. Xesús Cordeiro Budiño, no momento en que ía realizar a súa intervención.

As 11:56 horas reanudouse a sesión, coa ausencia de D. Xesús Cordeiro Budiño.

Tanto os voceiros do BNG como o do PGD excusaron intervir.

Sometida a votación secreta a proposta, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14).

Votos en contra: cinco (5).

Votos en branco: un (1).

Abstencións: unha (1), por imperativo do artigo 100 do ROF.

En consecuencia **APROBOUSE a proposta do seguinte tenor:**

Mediante Decreto da Alcaldía do 2 de abril de 2014 iniciouse o expediente para o estudo e posible concesión a *D. Agustín Hernández Fernández de Rojas*, dalgunha das distincións recollidas no vixente Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 21 do vixente Regulamento, nese mesmo Decreto, nomeouse ó Xuíz-Instrutor e á Secretaria do procedemento así como aos membros da correspondente Comisión de Honras e Distincións, composta polas seguintes persoas representantes da vida social, económica e cultural de Lalín:

- D. Florentino Cacheda López.
- D. Alejandro Campos Vázquez.
- D^a. Gloria Alonso Torres.
- D. Manuel Lalín Soto.

Con data do 14 de abril de 2014, a referida Comisión presentou a súa proposta a esta Alcaldía.

Asemade o instrutor do procedemento, conforme ao sinalado no citado artigo 21 do Regulamento, estando plenamente de acordo coa proposta da Comisión de Honras e Distincións, elevou á Alcaldía todo o expediente.

Con base aos seus exemplares méritos, polos moi satisfactorios servizos a prol do Concello de Lalín, pola súa notable contribución ao indiscutible desenvolvemento acadado polo concello en todas as ordes materializado, entre outras, nas seguintes actuacións:

- Construción do Paseo do Pontiñas.
- Autoestrada Santiago-Alto de Santo Domingo.
- Mellora de diversas rúas de Lalín.
- Construción da Nova Rolda Leste de Lalín.
- Construción do novo acceso e ponte sobre o ferrocarril en Mouriscade.
- Proxecto para unha futura autovía Pontevedra-Lalín-Lugo.
- Construción dunha nova ponte na Avda. Xosé Cuíña sobre o Pontiñas.
- Primeiro conselleiro do Goberno Feijóo en visitar Lalín.
- Mellora de firme e sinalización do corredor entre Lalín e o Alto do Faro.
- Construción dun novo depósito de auga potable de Lagazós e rede de distribución.
- Entrega de 15 vivendas sociais no Regueiriño.
- Inicio da ampliación do Parque Empresarial Lalín 2000 e da tramitación para un novo Polígono Industrial en Catasós.
- Obras de saneamento e abastecemento en parroquias e lugares.
- Aportacións ao novo edificio do Concello e Praza de Galicia.

Xa que logo, aceptando plenamente os razoamentos expostos pola Comisión de Honras e Distincións nomeada para o efecto e polo Xuíz-Instrutor do procedemento, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Recoñecer e outorgar a D. Agustín Hernández Fernández de Rojas a distinción honorífica de “FILLO ADOPTIVO DE LALÍN”.

De seguido o Sr. Presidente, de común acordo con todos os concelleiros presentes na sesión, acordou suspender a mesma e convocar nova sesión para o vindeiro luns día 5 de maio ás 11:30 horas para tratar os asuntos da convocatoria que quedaron pendentes.

E, sendo as doce horas e tres minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente